

A visión innovadora dun clásico: o bodegón

	Nivel 4	Nivel 3	Nivel 2	Nivel 1
CA1.4 Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara de forma precisa e reflexiva os elementos característicos das obras de arte analizadas e emprega a superposición de planos de maneira efectiva para crear un volume interesante no seu bodegón. Amosa un bo recoñecemento e comprensión das diferentes formas presentes no obxecto, apreciando as súas diferenzas e similitudes. (3.33)	Identifica e compara algúns elementos característicos das obras de arte observadas e experimenta coa superposición de planos no seu bodegón, creando un certo efecto de volume. Recoñece e clasifica a maioría das formas presentes no obxecto elixido. (2.5)	Intenta identificar algúns elementos das obras de arte analizadas e realiza unha superposición básica de planos no seu bodegón, mostrando unha comprensión moi elemental do volume. Recoñece algunhas formas nos obxectos elixidos. (1.75)	Non identifica nin compara elementos básicos das obras de arte vistas nin experimenta coa superposición de planos para crear volume no seu bodegón. Mostra dificultades para recoñecer formas básicas nos obxectos. (0)
CA2.1 Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa o obxecto elixido con precisión en formas, dimensións, proporcións, tamaños e cores, amosando unha observación detallada. Utiliza os materiais de forma creativa e eficaz, mostrando unha planificación coitada e unha confianza nas súas capacidades expresivas. (3.33)	Debuxa o obxecto elixido con formas, dimensións, proporcións, tamaños e cores xeralmente axeitadas. Emprega os materiais de forma funcional e mostra unha planificación básica da composición do bodegón. (2.5)	Debuxa o obxecto elixido mostrando algunhas formas recoñecibles, pero con limitacións nas dimensións, proporcións, tamaños e cores. O uso dos materiais é moi básico e a planificación pouco evidente. (1.75)	O seu bodegón presenta dificultades significativas na representación de formas, dimensións, proporcións, tamaños e cores do obxecto elixido. Non se aprecia un intento de planificación nin de uso axeitado dos materiais. (0)
CA2.2 Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Inspírase de forma creativa e persoal na obra de Georgia O'Keeffe, interpretando os seus trazos e temas dunha maneira innovadora no seu bodegón. A súa obra transmite ideas, sentimentos e emocións de xeito claro e orixinal, amosando confianza nas súas capacidades expresivas e perfeccionando a execución técnica. (3.33)	Observa e analiza algunhas obras de Georgia O'Keeffe e reproduce plasticamente trazos e temas (como a ampliación da flor ou as cores intensas) na súa interpretación do bodegón. Intenta expresar algunha idea ou sentimento na súa creación, mostrando certa creatividade. (2.5)	Realiza unha reprodución moi básica dalgúns trazos ou temas presentes na obra de Georgia O'Keeffe, pero sen mostrar unha análise profunda. A súa obra ten unha expresión limitada de ideas ou sentimentos. (1.75)	Non amosa conexión coa obra de Georgia O'Keeffe nin intenta reproducir os seus trazos ou temas no seu bodegón. A súa obra carece de expresión persoal e non transmite ideas ou emocións. (0)

Elaboración propia (proxecto cREAgal)



“A visión innovadora dun clásico: o bodegón”, do proxecto cREAgal, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)